



# Día Nacional de Galicia **cxxi** 2009



Convergencia Vinteún

Discurso de Carlos Vázquez Padín  
Secretario Xeral de Convergencia Vinteún  
25 de xullo de 2009, Fonmiñá, concello da Pastoriza, Terra Chá

Converxencia Vinteún pon a disposición de todos o discurso pronunciado polo Secretario Xeral, Carlos Vázquez Padín, con motivo do Día Nacional de Galicia no lugar onde nace o río Miño.

25 de xullo de 2009,  
Fonmiñá, concello da Pastoriza, Terra Chá

**H**oxe reunímonos aquí nun lugar cargado de simbolismo como o nacemento do pai Miño para celebrar o noso primeiro día nacional de Galicia como partido político constituído. O pasado día catro de maio Convergencia Vinteún foi inscrita oficialmente no rexistro de partidos políticos do Ministerio do Interior. O noso nome pretende ser un bon continente de ideas e de iniciativas a favor deste país e ademais pretende transmitir dúas ideas que considero que son dunha importancia trascendental, en primeiro lugar a idea de movemento cara un lugar común, o desprazamento de todo o noso pobo en conxunto para o logro dos nosos obxectivos, dinamismo por tanto e vontade de coincidencia, de suma, de posta en común, a palabra vinteún referida ao século no que nos encontramos quere transmitir e potenciar a idea dunha galegitude moderna, da posibilidade de avanzar e de progresar sen que iso implique en ningún caso a renuncia á nosa identidade e ás nosas orixes.

Convergencia Vinteún nace para dar resposta á necesidade perentoria de autoorganización política do pobo galego, a complicada realidade na que nos encontramos precisamente neste momento fai máis necesaria que nunca o nacemento e consolidación dun galeguismo político construído á medida do país, cun proxecto de modernidade e de futuro para Galicia, dunha forza propia que traballe por ocupar o espazo central da política galega, ese espazo que hoxe usufrúen sucursais subordinadas a intereses alleos.

Non vai ser fácil o camiño que temos por diante, vai estar cheo de dificultades e de atrancos que nos porán aqueles que prefiren unha Galicia sen poder, aqueles que queren unha Galicia cada vez menos galega, aqueles que aspiran a descafeinar a nosa identidade. Pero todos os atrancos e dificultades que nos esperan serán superados pola nosa determinación e convencemento de que a nosa contribución a unha Galicia que queira seguir sendo galega e ao mesmo tempo non renuncie á modernidade, ao progreso económico e social e á interrelación sen intermediarios cos outros pobos de España, Europa e o mundo.

Convergencia Vinteún nace dunha análise da realidade que nos mostra unha carencia, ao noso xuízo, grave dunha ferramenta de poder ao servizo do noso país, aínda que moi mellorable, hoxe temos un marco xurídico político onde é posible facer moitas cousas en beneficio de Galicia e dos galegos pero o que nos falta é precisamente a ferramenta que permita usar ese marco en beneficio do país e non ao servizo das cúpulas do PP e do PSOE en Madrid. O caso basco e catalán demostra ben ás claras o que foron capaces de facer polos seus países forzas como CiU e o PNV ás que consideramos referentes, facendo todo o que o marco xurídico vixente lles permitiu sen outra hipoteca que a procura incansable do beneficio dos seus respectivos países e do benestar dos seus cidadáns.

Galicia non contou ata a data cunha ferramenta de poder galego destas características e os resultados comparativos á vista están, os intentos anteriores que houbo no noso país fracasaron por dous motivos fundamentais, desde o punto de vista ideolóxico, a incapacidade de deseñar un proxecto para este país, e de crear un discurso novidoso, atractivo e motivador e desde o punto de vista persoal que foron acubillo para políticos en busca da súa última oportunidade para os que o galeguismo político era unha segunda ou terceira opción o que imposibilitou a creación do caldo de cultivo e da credibilidade necesarias para transmitir á sociedade un proxecto crible, coherente e con contidos

CXXI ten, sen embargo, un base ideolóxica clara, nitidamente diferenciada do PP, do PSOE e do BNG e está constituídas por persoas para as que o galeguismo político de centro é a súa primeira opción en política e non a segunda ou terceira, estes son os argumentos que creo que van marcar a diferenza entre proxectos fracasados como os anteriores e o proxecto de CXXI.

Para CXXI Galicia non é un territorio calquera, nin unha rexión, nin unha provincia, para nós Galicia é o obxecto do noso pensamento e acción política e a célula de universalidade que xa

concibiran os galeguistas históricos, unha célula de universalidade que en canto tal pode e merece relacionarse coas demais células en condicións de igualdade e de liberdade e non de subordinación permanente que é onde nos situa o imaxinario de PP e PSOE

CXXI aspira a construír unha Galicia máis rica, con máis autoestima, con maior calidade de vida para os seus cidadáns, no que o noso patrimonio natural, cultural, lingüístico e monumental sexa respetado e conservado para que as xeracións vindeiras poidan disfrutalos, somos neste aspecto portanto un partido máis conservador que o PP para quen o noso patrimonio non ten valor ningún. CXXI ten un proxecto de país ao servizo do desenvolvemento individual das persoas. A mellor forma de garantir os dereitos e liberdades individuais é crear o marco colectivo que permita un desenvolvemento pleno das potencialidades de todos e cada un dos seus individuos, aos que non lle interesa o noso desenvolvemento como país tampouco lle interesan os nosos dereitos e liberdades individuais.

Converxencia Vinteún é galeguista entendendo por galeguismo a loita insobornable e incansable polos nosos intereses e a favor das nosas señas de identidade, tamén é galeguismo para nós sermos capaces de deseñar un proxecto de país que non atenda a outros intereses que os do noso pobo, respectamos outras formas de galeguismo, como o galeguismo gastronómico ou o galeguismo folclórico cos que tamén simpatizamos, non cremos, non obstante, que o galeguismo en político consista na inxesta masiva de pulpo á feira e empanada.

CXXI é tamén un partido con fondas conviccións democráticas, compre pensarmos na democracia como algo fraxil que ten que ser mimado, cultivado e protexido, non podemos considerar á democracia como un logro que xa non podemos perder e compre traballamos desde a política para reforzala, a través do reforzamento da súa lexitimidade, da separación de poderes, da loita contra a corrupción, da transparencia e do uso razoable e eficiente dos recursos públicos. O PP e o PSOE non son conscientes ou non están interesados o que sería peor, en fortalecer e apuntalar o funcionamento da democracia e os valores que a soportan. En canto ao BNG cunha base ideolóxica comunista pois tampouco cre moito neste sistema.

Máis alá das declaracións de intencións ou das boas palabras temos unha forma, unha proba para demostrarmos obxectivamente que somos o partido cunha crenza maior nas bondades do sistema democrático, ningún dos tres partidos parlamentarios no noso país condenaría a todas as ditaduras, os partidos de esquerda PSOE e BNG defenderían coa boca pequena ou claramente á ditadura castrista, probablemente a chinesa ou situacións preditatorias como a de Venezuela, os do PP criticarían a Chavez ou a Castro pero non a Pinochet ou a Franco. Eis a proba de que nós somos os campeóns galegos da democracia porque nós podemos criticar a todas as ditaduras con claridade o que nos homologa como o primeiro partido galego equivalente neste sentido a calquera partido centrista de Europa occidental, grupo ao que non pertence o Partido Popular incapaz aínda hoxe de censurar ou criticar unha ditadura como a franquista. Converxencia Vinteún é portanto un exemplo en si mesmo da Galicia moderna que pretendemos contribuír a construír, sendo PP, PSOE e BNG distintas manifestacións políticas da Galicia do pasado.

Lonxe de concepcións esencialistas e dogmáticas da nación española que comparten PP e PSOE. O concepto de nación galega é para CXXI un concepto aberto que debe ser enchido democraticamente de contido, son os cidadáns galegos os que definen o que é ou deixa de ser Galicia e loxicamente ninguén debe impor límite antidemocrático a esta determinación dos contidos do que é ou os galegos cremos que debe ser Galicia.

## ECONOMIA

Mentres as carencias estruturais da economía española compartidas en grande medida pola economía galega eran sinaladas en todos os estudos internacionais con destaque para o crecente diferencial negativo de produtividade que é o que marca a competitividade dunha economía, mentres o modelo económico baseado na construción no que durante moitos anos en España se construiu máis que en Francia, Alemaña e Italia xuntas o que a todas luces era insostible o PP diciános, facendo gala dunha falta de seriedade e dunha irresponsabilidade reveladoras da súa falta de respecto á cidadanía “España va bien”, e Álvarez Cascos, medalla de ouro de Galicia por contribuir a encher as nosas costas de chapapote que os españois eran ricos e podían pagar eses prezos pola vivenda, isto mesmo repetiuno Pedro Solbes xa no ano 2006. Mentres isto acontecía nen os gobernos do PP nen os gobernos do PSOE se tomaron en serio retos como o I+D+I ou unha ferramenta crucial para a competitividade e por tanto para un crecemento económico sostible como é a Educación, no que o baremo do informe Pisa situa a España nos últimos postos da UE. O PP e o PSOE compartiron a aposta por ese modelo de crecemento insostible que nos achegaba a cada paso máis ao abismo e por tanto ambos teñen que ser clara e directamente responsabilizados da difícilísima situación na que agora nos encontramos.

Non contentes con ter colaborado intensamente na xeración da crise agora tampouco saben responder a ela, por un lado vemos a un goberno do PSOE mediocre, sen responsabilidade nen capacidade para tomar medidas estruturais, perante a que posiblemente sexa a peor crise desde a de 1929 e independentemente de que as políticas keynesianas de reforzo do investimento público sexan aconsellables, non teñen a suficiente altura de miras nin responsabilidade para plantexarse reformas estruturais a fondo, o que si toman son medidas conxunturais para saír do paso sen que estas medidas respondan a ningún plan ou criterio de actuación coherente, non dubidaron en regalar catrocentos euros antes das últimas xerais no intento de comprar votos sen preocuparles en absoluto o estado das contas para resistir a que xa se aveciñaba claramente a pesar do empeño que o PSOE puxo en mentir á cidadanía e negar a existencia da crise, como dixo graficamente Duran i Lleida o goberno de Zapatero, co apoio do BNG, xoga á tombola, non planifica, non preve pero despois somos todos os cidadáns os que temos que pagar as facturas e os pratos rotos da incompetencia e irresponsabilidade do goberno de ZP e as súas subidas de impostos.

Non sabemos cales son as políticas alternativas que propón o PP porque só critica pero non propón alternativas como lle correspondería se pretendese ser unha alternativa de goberno crible, CXXI si que ten as súas receitas para enfrentar a crise desde as administracións sen esquecermos de que unha parte crucial desta recuperación ten que provir das iniciativas da nosa sociedade e das nosas empresas, neste sentido é fundamental traballarmos arreo para fomentar o aumento da cultura emprendedora na nosa sociedade, segundo algun estudio dalgunha caixa de aforros Ourense é a provincia máis atrasada do estado e nesta mesma provincia está a mellor academia de oposicións de todo o estado, CXXI cre que a capacidade para emprender dunha sociedade está directamente vinculada á súa capacidade de xeración de riqueza.

Reforma do BCE, non pode estar só pendente da inflación como marcan os seus estatutos, tamén crecemento, erro grave ao subir os xuros aínda no verán do ano pasado cando a reserva federal e os outros bancos centrais xa o estaban facendo, por un erro infinitamente menor calquera mil eurista pode ir á rua, nós dicimos que Trichet tamén debería ir á rua polo erro clarísimo de lectura da situación, somos partidarios dun BCE independente e con plenos poderes pero, como todo o mundo, ten que ser

responsabilizado de erros tan graves como este.

Compre ademais establecer un marco regulatorio para os fluxos financeiros internacionais, non se pode consentir que se lle esté vendendo papel sen valor aos cidadáns como se fixo contribuíndo a crear unha burbulla chea de papel sen valor.

Tres son para nós os bloques de medidas a tomar para enfrentar a crise desde as administracións públicas, CXX cre no papel subsidiario do estado e cre portanto que é necesaria: unha reestruturación do mapa administrativo, unha mellora drástica na eficiencia do seu funcionamento e a eliminación de rixideces e privilexios de diverso tipo:

a. Mapa administrativo. Duas son as asignaturas pendentes máis atrasadas do sistema político-administrativo español:

O adelgazamento da administración xeral do estado, España é un estado descentralizado; tecnicamente aínda que non política ou xuridicamente case federal polo que a Administración central debe ser fortemente adelgazada a medida que se producen perdas de competencias a favor das autonomía e da Unión Europea.

A segunda asignatura pendente é unha reordenación da administración local, as deputacións son organismos anacrónicos cuxa única xustificación confesable, as inconcesables todos as sabemos, é que axudan aos concellos pequenos sen recursos, pois ben eliminemos as deputacións e concentremos concellos e volquemos os recursos neses concellos fusionados conseguindo un uso moito máis eficaz dos recursos públicos, non podemos seguir pedíndolle á cidadanía e ás empresas que paguen impostos para sufragar uns chiringuitos anacrónicos como as Deputacións que nada aportan desde o punto de vista dun uso eficiente dos recursos públicos. Esta é unha máis das reivindicacións históricas do galeguismo que o BNG non recolle, temos visto ao alcalde de Pontevedra defender recentemente e con uñas e dentes o sistema administrativo provincial e a capitalidade provincial de Pontevedra.

b. É necesario introducir criterios de eficiencia e de resultados na administración pública, hai que introducir criterios de austeridade no gasto público, non somos tan ricos como criamos e non podemos continuar a soportar o despilfarro das administracións. Mellora drástica na eficiencia do funcionamento, compre simplificar os trámites na administración e mellorar a súa eficiencia, isto aplícase a todas as administracións que teñen un longo percurso para mellorar a súa atención aos cidadáns e empresas e a súa eficiencia de funcionamento, a nosa sociedade e a nosa economía non se poden seguir permitindo o “vuelva usted mañana” ou que para legalizar unha empresa haxa que pasarse varias semanas de ventanilla en ventanilla por mencionar só un dos exemplos máis graves. Hai que introducir técnicas de reinxenería de procesos na Admon. Pública para reducir o gasto innecesario e ademais potenciar uns valores como o da austeridade no gasto público e a responsabilidade para co diñeiro que procede dos impostos dos cidadáns e das empresas. Chama poderosamente a antediluviana administración de xustiza onde en plena era das tecnoloxías da información continuábase acumulando moreas e moreas de papeis enriba das mesas.

Mención á parte merece neste sentido a pretendida austeridade do novo goberno de Galicia, concordamos na análise do despilfarro do bipartito e nós aplaudiremos todos os pasos que se den neste sentido, pero danos a sensación de que o Partido Popular só pretende reasignar recursos segundo as súas conveniencias e en ningún caso aplicar un plan, serio, global e rigoroso de recorte do gasto público. No que se refire aos coches nós cremos que se moitas familias galegas poden viaxar perfectamente nun C4 Picasso os conselleiros tamén poden e deben facelo e este sí que é unha fórmula

real e non demagóxica de apoiar á industria galega e de reducir gasto.

c. En terceiro lugar hai que eliminar privilexios e rixideces da nosa economía para facilitar a competitividade, unha rixidez que compre eliminar é a do noso mercado laboral, estamos nunha economía de mercado, quen prefira un sistema socialista de produción que o diga pero desde logo non é o noso caso e nas economías de mercado quen crea emprego e riqueza é a empresa, e dentro desta a pequena e mediana empresa, se regulamos a contratación de traballadores de tal forma que desincentivamos a contratación ou conseguimos fomentar a economía sumerxida ou o desemprego ninguén sae gañando, compre baixar a carga impositiva que soporta o empregador por cada empregado e compre flexibilizar o mercado laboral para diminuír a altísima taxa de temporalidade que padecemos, unha das máis altas da UE, e a altísima taxa de desemprego, que é a máis alta da UE. Tamén hai que eliminar outro tipo de rixideces en forma de privilexios, permitindo por exemplo algo tan sinxelo e razoable como que calquera licenciado en Farmacia poida abrir un establecemento co mesmo nome, o mantemento deses privilexios tamén teñen un coste para a maioría reservando un mercado para unha minoría, que clase de democracia é a que permite o mantimento desta clase de privilexios?

## **FINANCIAMENTO AUTONÓMICO**

Con respecto á batalla do financiamento autonómico ou quizá deberíamos dicir á poxa ou subasta do financiamento autonómico podemos constatar que o bloqueo do PP a un novo estatuto na anterior lexislatura colócanos agora nunha posición de inferioridade con respecto a outras autonomías que si teñen novo estatuto o que lles permite facer unha auténtica negociación bilateral co estado, tampouco estabamos de acordo cun modelo de estatuto ultraintervencionista como propuña o bipartito pero a un partido tamén intervencionista como o PP non lle preocupaba demasiado isto e o que quería evitar a toda costa era que Galicia xogase en primeira división con Cataluña. Podémoslle agradecer por tanto ao PP que vaíamos saír unha vez máis perxudicados, coa inestimable axuda da galega socialista Elena Salgado, o enésimo caso de político galego con poder en Madrid que non nos axuda nin o máis mínimo.

A Convergencia este sistema parecele perverso xa que non cremos que teña que ser o estado o que reparta estes fondos senón que somos partidarios para Galicia dun sistema como o concerto basco, CXXI cre que cada pobo ten que se responsabilizar do seu futuro, cremos que as subvencións consisten en tirar diñeiro a quen funciona ben e resulta eficiente e darllo a quen non o é co conseguinte malgasto que isto implica.

Temos que mudar a mentalidade, só coñezo un caso no que as axudas exteriores axudaron a un país a progresar de forma rápida e sostible no tempo, refírome ao plan Marshall despois da II Guerra Mundial e isto foi así porque Alemaña fora destruída por unha guerra pero tiñan a mentalidade e responsabilidade necesarias para usar esa axuda para arrancar e coller impulso e despois continuar grazas á súa mentalidade emprendedora. Convergencia non cre que Galicia poda alcanzar todo o seu potencial a base de subvencións, pero este parecenos un principio universal aplicable a todo o mundo, incluído o terceiro mundo, é chamativa a hipocrisia da esquerda galega e europea que avoga polo aumento da axuda ao desenvolvemento e ao mesmo tempo propón medidas proteccionistas.. Ademais as subvencións fomentan a corrupción e o clientelismo e perpetúan portanto as eivas estruturais do País.

Ao fio do financiamento compre mencionar as caixas de aforro, o PP na persecución seu obxectivo de autodestrución de Galicia tampouco non quere que teñamos centros de poder e os que temos non fará nada para evitar que os perdamos, está agora en cuestión un máis que probable proceso

de fusión de Caixas de Aforro, con todas as carencias que teñen as caixas galegas é vital para o país que os centros de decisión continuen aquí, e de ter que haber unha fusión sexa entre as dúas galegas ou unha fusión na que as caixas galegas permanezan co control, imaxinamos que o escenario soñado para o Partido Popular é que Caja Madrid absorva ás dúas caixas galegas, para o PP galego cada perda de poder do noso país é un triunfo que presentarlle aos seus xefes en Madrid para deixarlles ben claro o seu servilismo e a súa subordinación cerril.

## INFRAESTRUTURAS

O PP e o PSOE sempre lle minten a este País entre outras cousas coas grandes infraestruturas e non con mentiras pequenas senón que soen mentir nada máis e nada menos que nuns dez anos cando dan previsións de finalización dunha determinada infraestrutura, o primeiro prazo para a finalización das autovías coa meseta era 1993 e estas non foron completamente rematadas co seu último tramo de Pedrafita do Cebreiro ata o ano 2003, pois ben para o AVE podemos ir comezando a botar as mesmas contas, de entrada a data inicial para completar o trazado era o 2012, agora o ministro xa fala do 2015 e algún experto comeza a falar que antes do 2017 non vai ser posible, penso que teremos que comezar a pensar no 2020 para que o AVE de Madrid a Galicia esté completo, ollo de Madrid a Galicia, porque seguimos co mesmo plantexamento da estrutural radial das comunicacións, mentres as prioridades nunha política auténticamente galega de infraestruturas son o eixo atlántico e a conexión con Europa a través do Cantábrico e só en terceiro lugar as conexións que nos levan ao oasis macrocefálico de Madrid ao que o españolismo está empeñado en facer crecer para que o seu peso relativo sexa cada vez maior.

Por non falarmos dunha sangrante e patética ausencia de políticas no que se refire ás comunicacións interiores do país, o tren é o transporte do futuro e temos que contar cun tren que nos facilite podernos mover con economía, rapidez e ecoloxía dentro de Galicia, somos unha potencia mundial en produción de enerxía limpa, en produción de electricidade que poderíamos usar en mover unha rede de trens que conectasen as principais localidades do noso país, como é posible que a estas alturas non se plantexaran redes de cercanías en Vigo e na Coruña?, como é posible que ante a crise enerxética á que se enfrenta e se vai enfrentar a humanidade nós non actuemos localmente reducindo a nosa dependencia do petróleo?.

Pero a política infraestrutural galega non deixa de estar composta dun dislate tras outro, estamos facendo dous macroportos exteriores o da Coruña e o do Ferrol a unha ducia de quilómetros o un do outro e aínda non está planificada a súa conexión a rede ferroviaria, despois temos tres aeroportos que so valen para ir a Madrid en vez de ter un aeroporto internacional digno, con esta irresponsabilidade que demostramos no uso dos recursos públicos que pretendemos conseguir?. Galicia ten que ter un só aeroporto comercial conectado aos núcleos de poboación cun tren lanzadeira que permita un acceso rápido e económico, habería que estudar un uso das outras dúas infraestruturas para vos de baixo custo, mercadorías e charters, por exemplo.

E é que ningunha das tres forzas con representación no Parlamento Galego teñen unha visión global, un proxecto equilibrado e de conxunto para o País.



## IDENTIDADE

Que é galeguismo para o PP e o PSOE?, xa non saben como chamalo para vacialo de contido: galeguismo cordial, galeguismo amable, onte Feijoo inventaba o termo galeguismo urbano referido a Vigo, estou seguro que se inspirou no fervoroso galeguismo de Corina Porro para a acuñación dese termo e é que estamos sendo testemuñas da utilización premeditada de técnicas goebelianas de comunicación, unha mentira repetida un millón de veces pasa a converterse en realidade, isto é o que dicía o ministro nazi de propaganda e isto é que está a por en práctica o PP e quen o apoia. Como para eles galeguismo non significa absolutamente nada inventan adxetivos para disimular algo que rexeitan: unha galegitude plena. Para Fernández Albor galeguismo cordial é procurar o benestar dos galegos, tentan vaciar de contido os conceptos para usalos á súa conveniencia.

Galeguismo en política é ter a Galicia como norte do pensamento e da acción política polo tanto o PP e o PSOE non poden e non queren ser galeguistas políticos, se de comer pulpo e empanada se tratase o galeguismo os do PP competirían con calquera pero á hora da defensa dos nosos intereses é moi difícil ter a estes intereses máis baixo na orde de prioridades do que estes están para o PP e o PSOE.

O PP non contente con traballar arreo na deconstrución deste País mente e manipula conceptos da importancia e da significación da liberdade, usando tamén aquí a técnica goebeliana da mentira repetida un millón de veces, o PP non só é un partido galegófobo senón que tamén é un partido ao que as liberdades individuais lle traen sen cuidado.

Pero nós como vemos que non saben en que consiste a liberdade vamosllo ter que explicar aos señores do PP e facemolo de bon grao, a liberdade, en terreno lingüístico, consiste en que todos os cidadáns coñezan os rexistros lingüísticos da comunidade e poidan usalos libremente, isto é algo que non se da hoxe na sociedade galega, poñamos o mercado laboral como exemplo, hai alguén que cre que ir facer unha entrevista de traballo hoxe en galego en Vigo ou na Coruña non diminúe drásticamente as posibilidades de ser seleccionado?, creo que todos o temos claro, especialmente os galego falantes, pero esta falta de liberdade, esta agresión as liberdades individuais dos cidadáns ao PP non lle preocupa en absoluto porque forma parte do status quo que eles queren para a nosa lingua, o dunha lingua subordinada e de segunda, polo que o que lle molesta ao señor Feijóo é que algúns pretendamos un status de igualdade para a nosa lingua, mentres que unhas pseudoélites urbanas minoritarias que apoian a Galicia Biligue e por ende ao PP non traballan pola liberdade nin en contra dunha suposta imposición, traballan única e exclusivamente a favor dun mantemento e reforzamento do status quo diglósico que situa ao galego como un rexistro inferior e o que eles pretenden en realidade é poder evitar calquera contacto con un rexistro lingüístico que desprezan. Estamos por tanto ante un caso de racismo lingüístico co seu conseguinte apartheid. O PP non quere nin a liberdade do saber, é dicir a liberdade que aporta o coñecemento, neste caso o coñecemento das linguas oficiais da comunidade, nin quere a liberdade do uso, non lle preocupa nin o máis mínimo, senón que considera bo e status quo natural “de toda a vida”, que non poida haber un uso normal do galego nos ámbitos urbanos da nosa sociedade. Podemos polo tanto chamar ao PP neste terreno inimigo da liberdade, inimigos das nosas liberdades como pobo, e inimigos das nosas liberdades individuais como cidadáns dun estado democrático.

Pero o Partido Popular non só despreza o propio de Galicia senón que tampouco están moi interesado en potenciar dunha forma seria e rigorosa o ensino doutras linguas estranxeiras como o inglés e o portugués, o nacionalismo español considerou historicamente ás linguas foraneas como unha contaminación, unha influencia negativa, podemos lembrar o decreto das dobraxes de Franco,

onde argumentaba a obriga de dobrar todas os filmes ao castelán para evitar a contaminación que proviña do exterior, o resultado desta ideoloxía vemolo ainda hoxe, sendo España o estado da Unión Europea con peor nivel en línguas foraneas do que podemos responsabilizar directamente ao franquismo, ao PP e ao PSOE, tamén o vemos cun exemplo moi ilustrativo, Mariano Rajoy pretende ser presidente do goberno español no 2012 sen saber inglés como confesou no programa “tengo una pregunta para usted”, onde non mostrou neste sentido ningún propósito da enmenda.

Por tanto vemos a un españolismo hiper motivado por actuar en contra do galego, e escasa ou nulamente motivado por traballar a favor da apertura de novos horizontes exteriores para o noso país. O nivel de lingua española e inglesa en Galicia é superior á media do estado pero ao Partido Popular non lle interesa que saibamos máis inglés e castelán, o que lle interesa é que saibamos menos galego, só pensan en restar e en aillar non en sumar.

Que dicir do ensino do portugués, moito máis implantado en Estremadura que en Galicia?, a eficiencia do esforzo aplicado por un galego para a aprendizaxe do portugués é enorme, cun mínimo esforzo, incomparablemente menor ao que nos podería levar aprender calquera outro idioma podemos alcanzar un magnífico nivel de portugués é portanto moi rentable ese pequeno esforzo. Sen entrar en polémicas normativas Galicia ten un potencial enorme desaproveitado, Telefónica enviou a galegos a Brasil porque saben que en canto aterren milagrosamente entenden ao nativos, El Corte Inglés procurou priorizar ao galegos para envialos aos seus centros de Lisboa e Vila Nova de Gaia. Creo que estas compañías non serán sospeitosas de separatismo nen de malos españois, é que Galicia ten unha grandísima vantaxe competitiva pola proximidade de galego e portugués, que posta en valor a través do ensino do portugués permitiría pelexa por captar sedes ibéricas de multinacionais para Galicia ou que directivos galegos fosen os máis cotizados por empresas asiáticas, europeas ou norteamericanos para o traballo en iberoamérica, cada vez que analizamos máis polo miúdo cales son as nosas vantaxes competitivas e como están desaproveitadas o españolismo de PP e PSOE mostranse como máis claramente capadores do noso potencial, a progresía madrileña dalle premios a Lula por declarar o ensino do español obrigatorio no Brasil, algo que a nós nos parece razoable, pero fan todo o imposible por non potenciar o portugués en Galicia, eles están conformes a gusto cunha Galicia sumisa, dependente, acomplexada e choromiqueira.

Converxencia non, Converxencia quere unha Galicia orgullosa de si mesma, unha Galicia emprendedora e sen complexos, que exixa o lugar que lle corresponda e plenamente integrada no mundo global. A mentalidade subordinada do PP e do PSOE nin se plantexa que os galegos temos que explotar unha vantaxe competitiva como esta, contradí a su propia ideoloxía que nós gañemos en algo, que unha multinacional americana ou alemá situe en Galicia a sua sede ibérica e non en Madrid ou Barcelona é algo para o que a sua estrutura ideolóxica non esta preparada, para eles os galegos sempre temos que perder, sempre temos que apouchar e sempre temos que calar e tragar co que graciosamente se nos conceda desde Madrid.

Os galegos temos unha identidade e Converxencia cre que esa identidade é algo positivo que debe ser potenciado e fortalecido, cremos que canto maior autoestima teñamos como galegos tanto maior será a posibilidade de que podamos prosperar como país e mesmo como individuos, só desde a autoestima e desde o desenvolvemento e modernización da nosa identidade se pode construír un futuro prometedor, non se pode construír sobre a destrución, sobre a destrución da nosa identidade que o Partido Popular está comezando a executar con fría determinación desde a Xunta de Galicia, porque sí queridos amigos, temos o raposo a cuidar das galiñas e corremos o risco de que cando

voltemos ao curral nos encontremos cunha desfeita de difícil ou imposible reparación. O PP e o PSOE teñen un obxectivo ideolóxico claro, homoxeneizar o estado, varrer as diferenzas, alcanzar o ideal do seu modelo nacional español consistente nunha España monolíngue en castelán, onde a maior cantidade de poder económico e político esté concentrado en Madrid, ese é o obxectivo para o que traballan e ese é o obxectivo que está detrás de todas e cada unha das falacias que montan para disimular o seu obxectivo real que é profundizar e completar a construción nacional española a costa do que sexa e de quen sexa.

Converxencia cre polo contrario que Galicia ten moito que aportar desde a súa singularidade, desde a súa orixinalidade, queremos unha integración en termos de igualdade non en termos de subordinación, queremos unha Galicia con autoestima e con poder, unha Galicia que se modernice partindo da súa tradición da súa identidade, sen ter que renegar desta en aras dunha pretendida modernización que non é máis que unha burda asimilación tardoimperialista. Podemos buscar exemplos na música, que músicos galegos son internacionais?, que músicos galegos son apreciados e admirados en todo o mundo?, os gaiteiros como Carlos Núñez, Susana Seivane, Bieito Romero, Cristina Pato, Xosé Manuel Budiño, etc. Como galegos estamos no mundo por dereito propio, como imitadores acomplexados non chegaremos lonxe e este é o modelo do señor Núñez Feijóo, o modelo do complexo.

Recoñecerse e ser recoñecidos no propio é algo que cohesiona e fai mais forte e mais rica a unha sociedade. Sería simpático se non fose dramático escoitar a entrevista que Jiménez Losantos lle fixo ao actual presidente da Xunta durante a campaña das autonómicas, Feijóo tateaba, cheo de inseguridade e viase con claridade o que representa Feijóo, a Galicia acomplexada, insegura e cerrilmente subordinada aos poderes centrais, incluíndo aos mediáticos que son os que lle dictan a súa axenda, nesa entrevista viase que o locutor radiofónico era o que lle condicionaba claramente as súas respostas. Feijóo e o PP son a garantía de que os intereses galegos nunca serán defendidos cando entren en contradición cos intereses do centro.

### **O TERCEIRO PARTIDO**

No sistema de partidos galegos ademais do bipartidismo español temos ao BNG, este proxecto xa está esgotado e sen capacidade de rexeneración, o BNG lonxe de representar hoxe unha solución aos problemas de Galicia representa outro problema a maiores. Galicia é un país de xente moderada, de centro, centro dereita e centro esquerda e o galeguismo político non pode nin debe seguir monopolizado por un proxecto ubicado na extrema esquerda, e non porque o diga eu senón porque é o que din os cidadáns inquérito tras inquérito.

O BNG representa un modelo de organización política anacrónico e fracasado en toda Europa occidental, este modelo consiste no intento de camuflaxe dunha organización comunista a través da ocultación da súa auténtica ideoloxía nun fronte pretendidamente plural pero que manteñen controlado con man de ferro, outros exemplos son Izquierda Unida ou o PDS italiano. O curioso é que nesta situación organizativa encontramos un sistema de castas, a casta elixida e a casta baixa que ten que traballar para os elixidos a cambio de nada, nun réxime de semiescravidade que sorprendentemente aceptan.

Esta camuflaxe fraudulenta resultou relativamente exitosa nos anos noventa, e digo relativamente porque os mellores resultados do BNG coincidiron cos mellores resultados de quen combatían de maneira frontal que era o PP, polo que o triunfo como forza de oposición representaba ao mesmo tempo o seu estrepitoso e reiterado fracaso como alternativa de goberno. As bases

ideolóxicas do BNG fan que os seus plantexamentos sempre foran defensivos, negativos e resistencialistas e nunca foran capaces de deseñar un proxecto en positivo, de modernidade e de futuro para o País.

Hoxe o BNG é un cadaver político onde os seus dirixentes comunistas non están dispostos a ceder o control e prefiren voltar á marxinalidade antes de perder ese control e aí, de volta á marxinalidade é sen dúbida onde se encontran neste momento.

CXXI perante este panorama convida a todos os que sinceramente se definan como galeguistas no PP e no PSOE a entrar en CXXI, se siguen neses partidos non teremos mais remedio que pensar que hai outros intereses máis importantes que Galicia para eles. Tamén convidamos a todas as persoas que estando no entorno do BNG, estén próximas ao centro político e en xeral a toda a sociedade galega a que integre á que, sen dúbida vai ser a casa grande do galeguismo, **Adiante CONVERXENCIA!**

